

**IV. OPOSICIÓNS E CONCURSOS****AXENCIA GALEGA DA CALIDADE ALIMENTARIA**

*RESOLUCIÓN do 4 de maio de 2023 pola que se nomean os membros das comisións de selección das persoas que ocuparán as prazas de persoal laboral, adscritas a esta axencia, ás cales se fai referencia no anexo I do Decreto 79/2022, do 25 de maio, polo que se aproba a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia, correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público, e prazas de persoal laboral obxecto de funcionarización, de conformidade coa Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.*

O Decreto 79/2022, do 25 de maio, aprobou a oferta de emprego público extraordinaria de prazas de persoal funcionario e laboral da Administración xeral e das entidades instrumentais do sector público autonómico da Comunidade Autónoma de Galicia correspondente ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021. O anexo I do decreto identifica cinco prazas adscritas á Axencia Galega da Calidade Alimentaria para cubrir pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso.

No *Diario Oficial de Galicia* (DOG) do 29 de decembro de 2022 publicouse o Anuncio do 28 de decembro de 2022 polo que se convoca o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, dunha praza de xefe/a de negociado (categoría 002 do grupo III) con destino na Xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dous/dúas titulados/as superiores (categoría 004 do grupo I) para realizar proxectos de investigación científica e técnica no Centro de Investigación Forestal de Lourizán e dous/dúas doutores/as (categoría 004 do grupo I) no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, dependentes ambos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria. O artigo 10 das bases establece que o tribunal cualificador do proceso será nomeado mediante resolución da Axencia Galega da Calidade Alimentaria e a súa composición será a determinada polo previsto no artigo 59 da LEPG, no artigo 60 do texto refundido da Lei do Estatuto básico do empregado público (TRLEBEP), no artigo 48 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e no Decreto 95/1991, do 20 de marzo, polo que se aproba o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.



No DOG do 1 de marzo de 2023 publicouse o Anuncio do 21 de febreiro de 2023 polo que se aproban as listas provisionais de admitidos e excluídos na convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas prazas de persoal laboral fixo a que se fai referencia no anexo I do Decreto 79/2022.

No DOG do 30 de marzo de 2023 publicouse o Anuncio do 21 de marzo de 2023 polo que se aproban as listas definitivas de admitidos e excluídos na convocatoria do proceso selectivo extraordinario de estabilización, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, para o ingreso nas prazas de persoal laboral fixo a que se fai referencia no anexo I do Decreto 79/2022. Nas listas figuran admitidas unha (1) persoa candidata á praza da xefatura de negociado, oito (8) ás prazas de titulados/as superiores investigadores/as e seis (6) ás de doutor/a investigador/a.

Por todo o exposto, o presidente da Axencia, en exercicio das competencias previstas no artigo 13 do Decreto 52/2018, polo que se crea a Axencia Galega da Calidade Alimentaria e se aproban os seus estatutos,

**RESOLVO:**

**Primeiro. *Comisións de selección***

Aprobar a constitución das comisións para a selección das persoas que ocuparán as prazas de persoal laboral adscritas á Axencia Galega da Calidade Alimentaria, identificadas no anexo I do Decreto 79/2022, para cubrir pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, correspondentes ao proceso de estabilización derivado da Lei 20/2021:

1. Comisión A, de categoría terceira, para a selección da persoa que ocupará a praza de xefatura de negociado (grupo III, categoría II), adscrita á Xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria (Santiago de Compostela).

2. Comisión B, de categoría primeira, para a selección das persoas que ocuparán as dúas prazas de titulado/a superior investigador/a (grupo I, categoría IV), adscritas ao Centro de Investigación Forestal de Lourizán, e as dúas de doutor/a investigador/a (grupo I, categoría IV), adscritas ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo.



**Segundo. Nomeamento dos membros das comisións de selección****1. A Comisión de Selección A estará integrada por cinco persoas:**

Presidenta: M<sup>a</sup> Soledad Castro Díaz.

Suplente: Gumersindo Mosquera Patiño.

Secretaria: Xiana Perales Arroyo.

Suplente: Pablo Lúgaro Seco.

Vogal: Ángel Romero Baleirón.

Suplente: María José Pérez Dafonte.

Vogal: Alejandro Crespí Rodríguez.

Suplente: Sonia Lamas Mella.

Vogal: Raimundo Castaño Bascoy.

Suplente: María José González González.

**2. A Comisión de Selección B estará integrada por cinco persoas:**

Presidente: Manuel López Luaces.

Suplente: Roque Rodríguez Soalleiro.

Secretario: Manuel Castro-Gil Amigo.

Suplente: Pablo Lúgaro Seco.

Vogal: Emilia Díaz Losada.

Suplente: Juan Picos Martín.

Vogal: Ignacio Arnáiz Seco.

Suplente: Manuel Touza Vázquez.

Vogal: Marta Muñoz Mendoza.

Suplente: M<sup>a</sup> Ángeles Romero Rodríguez.

**Terceiro. Funcionamento das comisións de selección**

1. O procedemento de actuación das comisións axustarase en todo momento ao disposto nestas bases, na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección e ao resto do ordenamento xurídico.

2. Para a válida constitución das comisións requírese a presenza, como mínimo, de tres membros, incluídos o presidente e o secretario.



3. As persoas que formen parte das comisións deberán absterse de intervir cando concurran nelas circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público; no artigo 59.2 da Lei 2/2015, de emprego público de Galicia; nas instrucións relativas ao funcionamento e actuación dos tribunais de selección, aprobadas pola Resolución do conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza do 11 de abril de 2007, e no acordo adoptado no Consello da Xunta do 8 de abril de 2010. A concorrencia de calquera das ditas causas deberalle ser comunicada á Xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

4. As sesións de constitución deberanse realizar nun prazo máximo de quince (15) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación do nomeamento das comisións de selección no DOG.

5. As sesións deliberativas poderán desenvolverse presencial ou telematicamente. En todo caso, o secretario, por orde do presidente, convocará as sesións cunha antelación mínima de corenta e oito (48) horas e xuntará sempre a orde do día. A Comisión A poderá realizar un máximo de 2 sesións. A Comisión B poderá realizar un máximo de 6 sesións. Por cada sesión da comisión levantarase a acta que, lida ao principio da sesión seguinte e feitas, de ser o caso, as rectificacións que procedan, será autorizada coa sinatura da persoa que ocupe a secretaría e co visto e prace da persoa que ocupe a presidencia.

6. Coa primeira convocatoria remitiráselles aos membros das comisións de selección a seguinte documentación:

- Declaración expresa dos membros da comisión de non incorrer en ningunha circunstancia das descritas na segunda epígrafe, que se devolverá asinada.

- Táboas de baremo consonte as especificacións dos artigos 8 e 9 do Anuncio do 28 de decembro de 2022 polo que se convoca o proceso selectivo para a cobertura, pola quenda de acceso libre e mediante o sistema de concurso, dunha praza de xefe/a de negociado (categoría 002 do grupo III) con destino na Xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, dous titulados/as superiores (categoría 004 do grupo I) para a realización de proxectos de investigación científica e técnica no Centro de Investigación Forestal de Lourizán e dous doutores/as (categoría 004 do grupo I) no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo, dependentes ambos da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

- Anexo 1 e documentación acreditativa presentada por cada un dos aspirantes.



• Certificación da Xerencia da Axencia Galega da Calidade Alimentaria dos datos previstos no artigo terceiro do Anuncio do 28 de decembro de 2022, en concreto: DNI, residencia, certificado Celga e tempo traballado na Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

7. As comisións de selección non poderán propor o acceso ao emprego público dun número superior de persoas ao de prazas convocadas: unha para a xefatura de negociado; dúas como titulado/a superior investigador/a (grupo I, categoría IV), adscritas ao Centro de Investigación Forestal de Lourizán; e dúas de doutor/a investigador/a (grupo I, categoría IV), adscritas ao Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo. Coa acta final achegarase a puntuación asignada a cada candidato e a proposta das persoas seleccionadas.

8. As propostas de selección publicaranse no *Diario Oficial de Galicia*.

9. Os acordos adoptados polo tribunal do proceso poderán ser obxecto de recurso de alzada nos termos previstos nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro. As comunicacións que lle formulen as persoas aspirantes ao tribunal dirixiranse ao director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria.

Cuarto. *Entrada en vigor*

A presente resolución entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Quinto. *Impugnación*

Contra esta resolución as persoas interesadas poderán interpor recurso de reposición, no prazo dun mes, contado desde o día seguinte ao da súa publicación, perante o presidente da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, nos termos previstos nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben directamente recurso contencioso-administrativo, perante o órgano competente da orde xurisdiccional contencioso-administrativa, no prazo de dous meses, nos termos previstos na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2023

José Luis Cabarcos Corral  
Director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria

